Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Centro certificado FIDES-AUDIT
Distintivo de Igualdade
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 1 de outubro de 2025

Anexos:

I. Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente do 01/10/2025
II. Asistentes á Comisión Permanente do 01/10/2025
III. Novos horarios do segundo curso dos graos impartidos na Escola.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Ratificación, se procede, da solicitude de grupos extra tipo B para a materia "Tecnoloxía de materiais", impartida no segundo curso dos graos desta Escola.

A Presidenta sinala que, na sesión do 10 de setembro, cando se aprobou a solicitude de aumento de grupos B en materias do primeiro curso, aínda non tiña rematado o prazo de matrícula de continuación de estudos. Debido ao incremento excepcional do número de estudantado matriculado na materia "*Tecnoloxía de materiais*", 80 estudantes, proponse solicitar o incremento dun grupo B (14 horas), xa que é de tipo instrumental e os laboratorio ten 24 prazas. Sinala que se falou coa coordinadora da materia e coa dirección do Departamento para valorar a idoneidade da proposta e a valoración foi favorable.

Aclara que na COAP do 29 de setembro xa se tratou esta solicitude e decidiuse aprobala, condicionada a ratificación da solicitude nun órgano colexiado do centro.

Apróbase, por asentimento, ratificar a solicitude de aumento de grupos proposta.

2. Aprobación, se procede, da modificación de horarios de segundo curso dos graos impartidos nesta Escola.

A Presidenta sinala que o incremento dun grupo B para a materia "*Tecnoloxía de Materiais*" aprobado no punto anterior require a modificación dos horarios do segundo curso dos graos para o primeiro cuadrimestre. Amosa a proposta de horario do novo grupo B (Anexo III).

Apróbase, por asentimento, a proposta de horario proposta.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 16 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a un de outubro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente do 01/10/2025

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 1 de outubro de 2025, ás 12:40 h en primeira convocatoria e as 13:10 h en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Ratificación, se procede, da solicitude de grupos extra tipo B para a materia "Tecnoloxía de materiais", impartida no segundo curso dos graos desta Escola.
2. Aprobación, se procede, da modificación de horarios de segundo curso dos graos impartidos nesta Escola.

Vigo, 29 de setembro de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) ***Indicacións:*** *acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal* `lDLD6QsL` *(ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

Código seguro de Verificación : GEN-d2e8-2700-1dc3-7bc5-177c-7be8-ebdc-6144 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-d2e8-2700-1dc3-7bc5-177c-7be8-ebdc-6144
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 30/09/2025 11:47 | NOTAS : F

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente Extraordinaria do 01/10/2025

Asistentes á Comisión Permanente Extraordinaria do 1 de outubro de 2025
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Deive Herva
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
Beatriz Guitián Saco
Javier Vijande López
Estudantes
Romina Pacini
Belén Parente Artime
PAS
Mª Carmen Romo Pérez

ANEXO III

Novos horarios do segundo curso dos graos impartidos na Escola